

DAS LÁMPADAS AOS FAROIS: A EVOLUCIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA EN PONTEDEUME

Andrés López Calvo

1. UN PROCESO IRREVERSÍBEL: O URBANO

A investigación sobre a evolución do desenvolvemento urbanístico de Pontedeume nos séculos inmediatamente pasados ten atopado nos estudos de A. Meijide Pardo¹; M.I. Ramos Díaz²; J.M. Cardesín³ e C. de Castro Álvarez⁴ unha excelente cualificación. Cos seus estudos xustificase inescusabelmente a necesidade de coñecer a índole histórica da actividade institucional e veciñal por acadar un benestar social.

Neste sentido hai unanimidade ao considerar que desde mediados do século XIX Pontedeume vive un proceso de expansión urbana condicionada pola derriba das murallas, a inserción nas novas redes radiais de comunicación (ferrocarril e estradas) e a reconversión do casco histórico que pasa de ser un complexo residencial a albergar a actividade comercial. Indubidabelmente, esta expansión condicionou o desenvolvemento dos servizos públicos: comercio, rede de sumidoiros, instrucción primaria, comunicacións e iluminación.

No sexenio revolucionario (os seis anos que transcorreron desde o derrocamento de Isabel II ata a restauración de Alfonso XII) producíronse en España moi lentamente, pero con firmeza, os síntomas dunha verdadeira transformación estrutural que xa acusaban desde había anos as urbes europeas. Crece a densidade poboacional dos barrios e vilas, expándense os perímetros das cidades e comeza a utilizarse a periferia (os arrabaldes) como zona habitacional. Sen embargo, trátase dunha época gris, na que só existe un relativo benestar para a burguesía, albiscándose con isto un pequeno crecemento das economías individuais. Subsiste unha certa atención cara aos servizos públicos e comezan a utilizarse o gas e os tranvías eléctricos. O que si pode adiantarse é que, nesta España do derradeiro cuarto do século XIX, se sentan as estruturas básicas, tanto económicas coma políticas e sociais da España do século XX e, en definitiva, da España actual.

1. Cf. A. MEIJIDE PARDO, *Aspectos de la vida económica de Pontedeume en el siglo XVIII*, en «Anuario Brigantino» 16 (1993) 61-73.

2. Cf. M.I. RAMOS DÍAZ, *Urbanismo barroco en Pontedeume*, en «Cátedra» 6 (1999) 67-90.

3. Cf. J.M. CARDESÍN, *Historia urbana de la villa de Pontedeume (1840-1998): presentación de un proyecto de investigación*, en «Cátedra» 6 (1999) 97-113.

4. Cf. C. DE CASTRO ÁLVAREZ, *Los factores del desarrollo urbanístico de Pontedeume a lo largo de su historia*, en «Cátedra» 8 (2001) 31-56.

Pretendemos con esta achega, á vez que dar publicidade a algúns documentos inéditos da nosa historia municipal que -con seguridade-motivarán novos e mellores estudos que o noso sobre o tema, explicar a relación causa-efecto na vida e historia cotiá dos nosos devanceiros da manifestación do fenómeno urbano en Pontedeume a través da evolución do servizo da iluminación pública⁵.

2. A ILUMINACIÓN PÚBLICA POR COMBUSTIÓN

O inicio da historia da iluminación pública está directamente relacionado co descubrimento, por parte do home, do lume, para se protexer contra o frío, as feras, preparar os alimentos e tamén para se alumar. A iluminación independízase das outras funcións cando se illa utilizando fachos que poden ser situados nos sitios máis oportunos para propiciar a iluminación. A partir deste momento o que produce a luz é a graxa que arde, non a madeira que só ten unha misión de sustentación. As graxas son substituídas despois por combustibles líquidos nos fachos. O seguinte paso foi o de eliminar o soporte de madeira fabricando lámpadas de aceite.

2.1 Os farois de aceite

En 1860, sendo alcalde do pobo Andrés Portal, e José María Fajardo secretario do Concello, o Pleno do Concello aprobou o prego de condicións para o arredamento do servizo de iluminación pública. A enumeración das súas condicións que reproducimos no apéndice documental indícanos o *status questionis* e ilumínanos sobre cómo se desenvolveu a expresión local dun fenómeno de desenvolvemento urbano⁶. Diremos que se trataba de atender o funcionamento de 21 farois e tres lanternas colocados en diferentes puntos da vila, vixiados por tres serenos, cun orzamento total que chegaba aos 3.500 reais anuais.

Non puidemos atopar -o que non quere dicir que non exista- o regulamento ou ordenanzas que regulasen o oficio de serenos. Como queira que deberan ser similares en poboacións con igual estatuto que Pontedeume, reproducimos a continuación o regulamento vixente en 1852 para os serenos de Vilagarcía de Arousa:

"Artículo 1º: Los serenos son nombrados y despedidos por el Ayuntamiento. Para obtener este nombramiento deben poseer cualidades no comunes: robustez, valor, conducta ejemplar y adhesión al gobierno de la Reyna (QDG), buen comportamiento con los vecinos en la ejecución de las ordenes, rectitud en el cumplimiento de las normas y a todas las funciones de su instituto; Artículo 2º: Será su deber, además de desempeñar las obligaciones que vienen marcadas en este Reglamento,

5. Cf. AA.VV, *El sexenio revolucionario-La restauración borbónica*, =Historia de España 7, Madrid 1990, 218-223.

6. ARQUIVO HISTÓRICO MUNICIPAL DE PONTEDEUME, Fondo: Archivo Municipal de Pontedeume; Sección 1.12.3 (Iluminación pública), Atado número 105, Expedientes relativos al alumbrado público. A partir de agora citarémolo coas siglas AMP.

auxiliar al Ayuntamiento, Sr. Alcalde y Teniente, cuando sea preciso, reconociendo como jefe inmediato al capataz que se elija, a quien obedecerá en lo que mande por escrito o de palabra; Artículo 3º: Conservará las prendas, armas y demás enseres que le dejó el Ayuntamiento en el mejor estado, respondiendo de ellas cuando se le pidan; Artículo 4º: El sereno, además del chuzo de que se sirve, podrá llevar armas de fuego, pero con especial licencia del Presidente del Ayuntamiento, que lo concederá si lo tuviere por conveniente. Llevará un pito de un lado, al pecho, y un farol en la mano, encendido siempre, teniendo para ello en cuenta que está controlado por el Ayuntamiento; Artículo 5º: Rondará de noche el barrio que a cada uno le destinen, recorriéndolo por el tránsito que se señala en el siguiente artículo, desde la hora que se diese principio hasta la que concluya (...); Artículo 7º: Al romper el servicio anunciará en voz alta, con la adición de nublado, sereno, lluvioso, nieve, viento ó tormentoso, y esto se repetirá de modo que en cada voca calle ha de cantar de viva voz por cuarto de hora, cuidando de llevar en la primera vuelta y en silencio, y aun observar mejor sin ser percibido, siguiendo en esta alternativa toda la noche, y cuidando de ver al del barrio inmediato para acudir en caso que este silencio se entendiera de la causa; Artículo 8º: En la primera vuelta el sereno avisará a los dueños de establecimientos públicos que estuvieran abiertos, que los cierren. En la segunda observará si fue cumplida la orden, y en caso de que no, la repetirá, pero si a la tercera insistiesen en la desobediencia, tomará nota y avisará al capataz para que la providencie; Artículo 9º: Cuidará de observar atentamente que personas son las que transitan. Si alguna le parece sospechosa, la reconocerá y registrándola, la conducirá a la cárcel de este distrito, donde avisará al capataz. También reconocerá cualquier bulto, envoltorio ó fardo que conduzcan, para cerciorarse que no son cosas robadas, pero pareciéndole que lo son ó encontrándole armas, no estando facultado para llevarlas, obrará del mismo caso; Artículo 10º: Observará si hay reuniones en alguna calle ó casa, y en este caso avisará al sereno mas inmediato para que quedando al acecho, y mientras el otro vaya a notificarlo al capataz; Artículo 11º: Si el sereno hallase alguna ó algunas personas escalando o penetrando alguna casa ó edificio, procederá a la aprehensión de los agresores con auxilio de sus compañeros, de la ronda patrulla ó guardia que haya en esta villa, y conduciéndolos a la cárcel publica, dejando una autoridad a su cuidado pero dando sin embargo parte a su capataz de la ocurrencia; Artículo 12º: Es obligación de los serenos encender y limpiar por semanas los faroles de todos los barrios y cuidar de que el alumbrado esté conforme a contrata, inspeccionando cuando los limpien y echen encendidos las horas a las que espera, anotando las faltas para notificarlo al capataz; Artículo 13º: El sereno no abandonará jamas su puesto, ni parará en ninguna casa ni con persona alguna, durante el tiempo que esté de servicio, sino en las casas marcadas por el reglamento; Artículo 14º: Cualquiera sereno que observe fuego ó se le noticie de él, enterándose en donde es, su primer aviso lo dará al capataz por si mismo ó por medio

de otro compañero, llamando al propio tiempo a los demás por la señal que este estime oportuna a fin de que el capataz les dé las ordenes; Artículo 15º: El sereno llevará el tiempo que esté de servicio su credencial, la cual será expedida y firmada por el Presidente del Ayuntamiento todos los años y refrendada por el secretario, y al dorso de ella se anotará al principio de cada mes el barrio que tienen señalado para hacerlo; Artículo 16º: Las tocatas de pito para señales de aviso ó, de apresaciones, las arreglará el capataz con anuencia del Presidente del Ayuntamiento, haciéndose estas lo menos cada seis horas para que nadie mas que ellos pueda entenderlas; Artículo 17º: Será obligación de los serenos auxiliar a los vecinos en las necesidades que se les ofrezca el médico, botica ú otra cosa y acudirá a la casa que le llamen para reconocerla si tuviera recelo de ladrones, así como dirigir ó acompañar a su casa a cualquier forastero que se hallase perdido, y si observara alguna puerta de casa abierta, avisará para que la cierren; Artículo 18º: Durante la noche cuidarás si se fijan carteles, pasquines ú otros papeles, apoderándose de la persona y arresandola y siendo registrada en los sitios públicos a ver si alguno burló la vigilancia, y en este caso los arrancarán y presentarán al capataz con el parte; Artículo 19º: Lo mismo harán respecto de las disposiciones de policía urbana, relativamente a la noche; Artículo 20º: El sereno que se encuentre en imposibilidad de hacer algún servicio dará parte a su capataz para que se cumpla lo que previene para tales casos”7.

O contratista do servizo debía ter accesos aos farois antes dunha hora despois de poñerse o sol e asegurarse do seu bo funcionamento ata o amencer do día seguinte. Non estaba obrigado a facelo cando a lúa clara alumaba o horizonte da noite. Debía subministrar a cada uno dos serenos dúas onzas de aceite diarias desde o 15 de abril ata o 15 de setembro e tres nos restantes meses do ano. Igualmente, nese primeiro período, debería fornecer os farois de mecha e aceite antes das oito da mañá e antes das doce nos restantes meses. Os farois que, como todos os da época, eran de latón e duns 250 reais de custo, deberían ser obxecto dunha limpeza xeral de restos de feluxe unha vez ao mes. O aceite usado como combustible debería ser da mellor calidade, o mesmo que os cristais, isqueiros, roscas de ás, focos e reverberos que se necesitasen.

Fose pola minuciosidade das condicións do prego, fose porque a cantidade orzamentada non atraía posibles licitadores, o certo é que non houbo que concorrerse á subhasta malia que se mandaron copias do dito prego aos concellos veciños de Ares e Mugardos.

Por fin o 16 de xullo de 1860, o veciño desta localidade Juan Varela Sisto arrenda a contrata, non sen antes conseguir significativas rebaixas. Así dos 21 farois iniciais pásanse a 18 e, anque se incrementa o número de lanternas a cinco, tamén se acorda aumentar, case o dobre, a partida orzamentaria, pasando de tres mil quíntos a seis mil reais anuais⁸. En 1861, levou o arrendo

7. V. VIANA, *Cien años de alumbrado eléctrico en Vilagarcía de Arousa (1899-1999)*. Vigo, Ed. Cardeñoso 2000, 24-31.

8. Cf. AMP, Atado 105.

desta contrata Tomás Abeledo por 6.700 reais, en 1863 fixo o propio Benito Vales por 6.900 e en 1864, Ramón Abeledo por 6.400 reais. Non existe relación nominal de ónde estaban os puntos de luz nesta época, anque presaxiamos que eran os mesmos que se describen cando se dá o paso cara á corrente eléctrica os cales enumeraremos chegados a ese punto. Podemos pensar que a falta de referencia fai notar que naqueles anos o pobo era o suficientemente pequeno como para que practicamente todos se coñeceran sen necesidade de facer localización urbanística.

2.2 A iluminación con farois de petróleo

No momento de convocar aos novos licitadores para cubriren o servizo no ano 1865 Juan José Lores expón, nun oficio dirixido a Jacobo Rodríguez, alcalde da vila, unha proposta de mellora da calidade da iluminación economizando custos. Este oficio cheo de curiosidades reproducímoloo parcialmente a continuación:

"El actual alumbrado es con aceite, sistema hoy abolido en casi todas las poblaciones que se precien de marchar con los adelantos modernos; si pues con el mismo costo para el municipio se mejoran considerablemente las condiciones de alumbrado de esta villa dándole más claridad e intensidad el Ayuntamiento habrá logrado una importante mejora en beneficio del vecindario que sin recargarse en sus gastos alcanzará al mismo tiempo economías sucesivas y bien estar material actualmente y para el futuro. Por lo tanto propongo servir el actual alumbrado público con el mismo número actual de luces por el término de cuatro años a contar desde el 1 de julio bajo las bases siguientes: 1) El alumbrado público se hará con el aceite petróleo llamado vulgarmente gas líquido mineral. 2) Las reformas de los faroles para adecuarlos al consumo del indicado petróleo serán a cuenta del contratista. 3) El contratista recibirá por remuneración 7.500 reales cada año⁹."

Evidentemente, as lámpadas de petróleo supoñen un gran avance para a iluminación. O «ouro negro», máis fluído que o aceite, sobe pola súa capilaridade máis doadamente e ofrece un mellor rendemento. As mechas redondas son substituídas polas planas, que proporcionaban unha chama maior. O químico suízo Aimé Argand inventou unha lámpada que empregaba unha mecha tubular encerrada entre dous cilindros metálicos, alimentada a petróleo. Asemade aparecen as primeiras proteccións de cristal inventadas polo francés Antoine Lavoisier, o que permite que, gracias ao bulbo de cristal aumenta a velocidade ascendente do aire que favorecía a mellor aspiración de petróleo. O tiro cilíndrico interior adaptouse despois para utilizalo nas lámpadas de gas inventadas por Lebon.

A iluminación por combustión tivo unha gran influencia no deseño das lámpadas, determinando, por exemplo, a posición da lámpada para que a chama saíra cara arriba, as proteccións idóneas para impedir que a chama se apagase, etc.

9. AMP, Atado 105.

Despois que se introduciuse o gas da iluminación a principios do século XIX, este combustible comezou a se usar para a iluminación das cidades. Empregábanse tres tipos de lámpada de gas: o queimador tipo Argand, os queimadores de abano, nos que o gas saía dunha fenda ou dun par de buratos nos extremos do queimador e ardía formando una chama plana, e a lámpada de gas incandescente, na que a chama de gas queataba una redeciña moi fina de óxido de torio (chamada camisa) ata vermello branco. Ata mediados do século XIX o principal combustible para estas lámpadas era o aceite de balea. Dito material foi paulatinamente substituído polo queroseno, que tiña a vantaxe de ser limpo, barato e seguro. En 1852 aparece o isqueiro Bunsen, inventado polo químico alemán Robert W. Bunsen, que habería de provocar o invento do químico austríaco Karl Auer ata que en 1855 o estadounidense N. Silliam constrúe unha lámpada de petróleo que, a causa da barateza deste, fixo baixar o prezo da iluminación por gas, que por aquel entón comezaba a sufrir a competencia da luz eléctrica.

A sesión do Consello de 1 de xullo de 1865 determina acceder á petición de Juan José Lores, adxudicándolle o servizo baixo a base de vinteseis farois (cinco máis respecto do prego anterior), tres lanternas e outros tantos serenos¹⁰ ademais das seguintes condicións:

"1) Encenderá todos los faroles a la noche empezando por los puntos extremos del pueblo y terminando en los del centro a una hora después de ponerse el sol, conservándolos encendidos hasta el amanecer del día siguiente.

2) No estará obligado el contratista a tener encendidos los faroles las noches de luna clara mientras esta permanezca y alumbra siempre el horizonte visible de la población, pero en los casos que ocurran de ocultarse o oscurecerse el resplandor por las densas nubes o nieblas que le impidan deberá conservarse el alumbrado mientras tanto no desaparezca la oscuridad de suerte que la luz de los faroles les reemplace en todas las opacidades a la de aquel planeta y de cuya observancia deberán tener especial cuidado los serenos como así bien el que se guarde para el orden de encender la media hora marcada después de su salida y antes de su postura con arreglo a la situación topográfica de la población.

3) El contratista usará en este servicio el gas portátil llamado petróleo el que será de la mejor calidad y sin olor. Las mechas que empleará serán planas y de diez líneas de ancho las cuales se colocarán de manera que la luz abraza toda la mecha debiendo despabilarse esta diariamente y extraerse del interior de los aparatos las materias carbónicas que arrojen las mechas.

4) El contratista hará el servicio de provisión de útiles a los serenos y de la limpieza diaria y semanal según las ordenanzas de 1860¹¹.

10. O número de tres serenos non debemos pasalo por alto pois indica a cualidade do servizo. Coidemos, por exemplo, que en Astorga non foron implantados ata 1848 e cun servizo de 50 farois naquela cidade tan só eran catro os serenos ou «cucóns» contratados. Cf. M. MARTÍNEZ MARTÍNEZ, *Piedras y bronce. Hombres y nombres. 100 años de luz eléctrica*, publicado en «El Faro Astorgano» en 1.997.

11. AMP, Atado 105.

Este contrato, beneficioso polos avances que supoñía, tivo que ser rescindido forzosamente ao finar o 20 de abril de 1867 Juan José Lores. A súa viúva, Paula Salgado, foi a que pediu a dita rescisión ao *"no poder asumir las tareas de su difunto esposo ya que dicho contrato requiere precisamente la asistencia de un hombre inteligente por algunas dificultades que frecuentemente se originan y que no son propias de vencer por una mujer cualquiera que sea de su clase"*¹². Francisco Filgueiras, tamén veciño da vila, en xullo de 1867 asume o contrato de Juan José Lores nas mesmas condicións ata 1869.

O cuadrenio de 1869-1872 constitúe unha nova etapa da nosa descrición. Sendo alcalde-presidente do Concello Leandro Portal e rexedor-síndico, Rodrigo Pardo González, sácase a subhasta o servizo de iluminación pública, logo de pasar o trámite preceptivo de ser aprobada a dita subhasta polo Pleno da Deputación Provincial e a súa conseguinte publicación no Boletín Oficial da mesma. O servizo compoñíase de 27 farois, 3 lanternas e a contratación de tres serenos. Presentáronse tres plicas dos respectivos veciños de Pontedeume: Bernardo García Sanmiguel, Manuel Paadín e Francisco Filgueiras. Faise coa contrata o primeiro ao poxar por un valor de 678 escudos anuais (6.780 reais anuais, 1.695 pesetas)¹³.

Fose porque non se librasen os pagos, fose por reiterados incumprimentos do servizo, o certo é que o Concello en sesión de 22 de abril de 1872 e ante a petición de que *"Los vecinos desean que este servicio se administre por el Ayuntamiento con lo cual no sólo se obtendrían mayores ventajas en su calidad y economía"*¹⁴, o Pleno acorda o seguinte:

*"Que el mencionado alumbrado de gas se administre por el mismo Ayuntamiento desde el primero de Julio. Que se cree la plaza de encargado que ocupaba Bernardo García Sanmiguel y que la solicitan Juan Sardiña, jornalero vecino de S. Pedro de Villar y empadronado en la calle Fuentenueva nº 6; Gregorio Varela, vecino de Pontedeume, casado y mayor de 21 años de edad y Ramón Martínez vecino de la parroquia de Breamo"*¹⁵.

A dilixencia de recoñecemento dos materiais traspasados polo contratista García Sanmiguel ao Concello, redactada polos concelleiros Roque Abelenda, Pedro del Río e Ruperto Roberes, é un documento de estimable valor para o noso obxectivo pois nos enumera os puntos onde estaban colocados os farois. Eran os seguintes:

"1) El farol de la calle Real o sea el de frente al Ayuntamiento, se haya roto de un cristal. 2) El de la misma calle o sea el que se halla puesto en la parada de [ilegi -

12. *Ibíd.*

13. *Cf. Ibíd.*

14. *Ibíd.*

15. *Ibíd.* Nunha nova sesión de 27 de xuño de 1872 a praza concédeselle a Gregorio Varela, asignándolle como salario unha peseta diaria.

ble]. 3) *El de la esquina de la viuda de José Cabana.* 4) *En el muelle.* 5) *El de la esquina de la cárcel.* 6) [ilegible] 7) *En la plaza del Conde.* 8) *En San Miguel.* 9) *El del Alcácer.* 10) *En la calle Rivera.* 11) *En la esquina de la Calzada.* 12) *El de la Pescadería que se halla frente a la Casa de Leis.* 13) *El de la calle Santiago.* 14) *El de la esquina del Circo;* 15) *El de la esquina de D. Pedro Pérez en calle Real.* 16) *El de la calle de la Iglesia.* 17) *El de la calle del Empedrado.* 18) *El de la plaza de San Roque.* 19) *El de la calle de las Virtudes.* 20) *El de la calle de los Herreros que está enfrente a la Plaza del Pan.* 21) *El de idem que se haya pagado a la casa de D^a Andrea López¹⁶.*

Non sabemos cál foi a valoración desta «municipalización» do servizo. Intuímos que non coas vantaxes previstas porque en 1876, sendo alcalde Adriano Paz, o servizo de novo sae a contratación coas seguintes condicións novidosas: Un ano de contrata con opción de prórroga, o petróleo habería de ser branco refinado; o tipo sobre o que se baseará a licitación será de 50 pesetas por farol e ano; todos os tubos das lámpadas terán marcadas una faixa-norte para fixar a cantidade de luz que cada aparello debe ter; terminada a contrata o empresario entregará ao que lle suceda os farois, lámpadas e demais efectos da propiedade do Concello¹⁷. A licitación quedou deserta ao non se presentar ningún poxador, polo que o servizo seguiu a ser de titularidade municipal. Isto non significou, nin moito menos, desatención do servizo. De feito o 20 de maio de 1876 as actas das sesións da corporación municipal recollen o seguinte acordo:

"Considerando que en la calle de la Virtudes existe un soportal que además de ser un foco de inmundicias presenta un mal aspecto para el ornato público, y ofrece sospecha de noche para el transeúnte. Se acuerda: Que los vecinos de las Casas que se sirven por dicho soportal coloquen en el mismo un farol con luz suficiente para toda la noche en el plazo de cinco días. Por medio del informe del Municipal José Torrente, el Secretario del Ayuntamiento enumera a los vecinos a los que les incumbe la norma: Filomena Torrente, Tomás Díaz, Manuel Allegue y su inquilino José Torrente, Sebastián Salgado, Nicolás Otero, Arturo Grande y Bernardo Leira inquilino de una casa propiedad del vecino de Santa María de Hombre Francisco Veiga¹⁸.

En 1877, sendo Alcalde Nicolás Meirás, ábrese un novo expediente para a subhasta da iluminación pública para o trienio 1877-1880. Respecto aos anteriores pregos deste ano aumenta a 32

16. A estes puntos de luz hai que sumar outros catro máis acordados en sesión de 27 de marzo de 1872 e que estaban situados: un no Alcácer na traseira da Casa da Señora de Leis, outro nas Lonxas e dous máis nas esquinas opostas da igrexa parroquial. Dos cales tres habían ser de pescante e un de columna. Cf. *-Ibid.*

17. Cf. *Ibid.* Como era habitual enviáronse copias deste anuncio de subhasta para ser expostas nas portas das alcaldías de Mugar dos, Cabanas, Ares e Castro (actualmente Miño) así como ao Boletín da autoridade provincial.

18. AMP, Fondo: Arquivo Municipal de Pontedeume; Sección: Goberno; -Subsección: Libros de Actas Capitulares ou de Pleno (1876-1885). Atado 399.

o número de farois, sendo igual (tres) o número de lanternas e serenos¹⁹, debería, polo mes de agosto, pintar os farois pola parte interior de branco albaialde e polo exterior de verde inglés, os demais ferros de negro en pintura de aceite dándolles dúas mans da mesma, e o servizo duraría tres anos percibindo o contratista, en concepto de remuneración, dúas mil pesetas ao ano. Pugna pola contrata o xa anteriormente citado Bernardo García Sanmiguel que se fai con ela.

Non sempre estivo en mans de licitadores o servizo. En varios trienios quedou deserta a concesión e tivo que ser executado cos propios do Concello.

Ata aquí, a iluminación por combustión imponía unha serie de condicionantes, polo mesmo feito da combustión: a posición da lámpada para que a chama saíse cara arriba, os tipos de protección para evitar que se apagase a chama etc., toda esta serie de condicionantes fóronse conservando na posterior iluminación con enerxía eléctrica, como un recordo nostálgico do pasado, é un fenómeno que se repite constantemente na historia do deseño. É frecuente hoxe en día ver lámpadas nas que polo seu deseño semellan máis apropiadas para a iluminación por combustión que por electricidade; incluso hai bombillas coa forma de chamas e ás veces insírense en bases que teñen forma de vela, para dar o efecto dunha vela acesa.

3. A CHEGADA DA ILUMINACIÓN ELÉCTRICA

O uso da electricidade dá lugar ao enorme campo de iluminación por incandescencia, baseada no paso da corrente eléctrica por un filamento encerrado nun bulbo cristal, o seu descubrimento débese ao alemán emigrado en América Henrich Göebel, que en 1854, cun filamento de bambú carbonizado no baleiro, fixo funcionar a primeira lámpada por incandescencia. O invento caeu no esquecemento por falta de vulgarización da electricidade. En 1877 Swan constrúe a súa lámpada incandescente con filamento de fío de algodón carbonizado, e o 21 de outubro de 1879 Edison dá a coñecer o seu invento da bombilla por incandescencia con filamentos de fibra de bambú carbonizado. Entre a combustión e a incandescencia apareceu a lámpada de Auer que é unha lámpada de gas que ten un marco de fío de raión impregnado dunha disolución de nitratos de cerio e torio que en contacto coa chamaponse incandescente. Este tipo de lámpada foi utilizado en varias urbes galegas en substitución do petróleo:

"Vigo ya lo usaba desde el año 1884 en sustitución del petróleo y en verdad que el cambio había sido exultante, sobre todo cuando se cambió la boquilla rasgada por el célebre mechero de Agüer que producía una luz alegre y blanquísima según relatan los cronistas de la época. Los historiadores locales dejaron anotado que este

19. No recoñecemento que se fai no momento do traspaso apuntábanse os novos farois desde a relación de 1872 e eran os situados en: Palacio, Porto, Cátedra, Pescadería con esquina a Ribeira, Fonte de Santiago, Santiago esquina ao Cantón, Rúa Real en casa Saavedra; Ferreiros Casa Saavedra; Ferreiros Casa Anca; Fonte de Santo Agostiño; Santo Agostiño fronte á de Raxoi, Corredoira e Paseo de Raxoi.

*tipo de luz por gas se defendió bien ante la competencia de la luz eléctrica, ya que si bien con el gas existía el contratiempo de que su instalación y mantenimiento era cara y además había que cambiar con cierta frecuencia las llamadas camisillas, que ahorran gas y producían una luz más potente, también las primeras lámparas a luz eléctrica tenían el inconveniente de que era preciso cambiar los carbones, que era una operación sucia, engorrosa y no exenta de complicaciones*²⁰.

O 4 de novembro de 1899, sendo Alcalde Fernando Álvarez Freire, ábrese no concello un expediente para a subhasta do servizo da iluminación pública mediante electricidade. En 1888, un ano antes, xa estaba instalada a central hidroeléctrica da Capela, anque non foi a primeira máquina productora de electricidade, algunhas funcionando a vapor e outras por motores de gas²¹. Reproducimos o correspondente prego de condicións no apéndice documental.

Sintetizando as informacións do prego, o servizo habería de cubrir oitenta puntos de luz. Sesenta e oito lámpadas de 10 buxías e outras 12 de 10. Deberían entrar en servizo media hora despois da posta do sol ata o amencer. Desas oitenta, sete situaríanse na casa do concello. Delas unha de 10 buxías se destinaría para o funcionamento do reloxo da mesma.

O Concello satisfaría ao contratista polo servizo a cantidade anual de 1.620 pesetas e 25 céntimos para o fluído; mais outras 1.873 pesetas con 75 céntimos por conservación e mantemento, facendo ambas partidas un total de 3.500 pesetas. O contratista tería que verificar pola súa conta as lámpadas e a fábrica productora de enerxía eléctrica, así como a correspondente rede de distribución. O contrato tería unha duración de catorce anos mais dous de prórroga. En caso de avaría ou interrupción imprevista, o arrendatario obrigábase a manter o servizo con lámpadas de petróleo.

O prazo de execución das obras era de tres meses e as lámpadas que non se puidesen fixar nos muros dos edificios colocaríanse sobre columna que non desdicesen do ornato público, pero nunca poderían exceder dun total de 30. Os límites da instalación dos puntos de luz eran: O Souto da Vila polo SE; os almacéns do peirao polo N; a horta de D. Eduardo Varela polo L (actualmente o Camiño Estreito); e a fonte de Porto polo W.

Para o mantemento de todo o sistema o contratista debería dispoñer dun empregado que sería auxiliado polos serenos e operarios do Concello cando fose necesario. Se durante o tempo da contrata chegase a inaugurarse a Estación do Ferrocarril o empresario arrendatario quedaba obri-

20. V. VIANA, *O.c.*, 74-75.

21. A primeira central hidroeléctrica que funcionou en Galicia foi a situada en Segade, no río Umia en 1874. Cf. X. TORRES REGUEIRO, *A chegada da luz eléctrica a Betanzos*, en «Anuario Brigantino» 19 (1996) 185-194.

22. O ferrocarril chegou a Pontedeume o 5 de maio de 1913. A liña entre Betanzos a Ferrol foi, sen dúbida, o máis lento de cantos se abriron en España. Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Historia de Puentedeume y su comarca*, Santiago 1944, 323-325. Tamén X. CARMONA BADÍA, "Ferrocarril", en S. CAÑADA (ed.), *Gran Enciclopedia Gallega*, Tomo 12, Gijón 1974, 167-173.

gado a facilitar ao concello as lámpadas que se precisasen para asegurar de iluminación a correspondente Estación²². Era condición indispensable para poder optar á subhasta que a fábrica productora da enerxía eléctrica estivese localizada dentro do termo municipal de Pontedeume.

O 29 de novembro de 1899, ás doce do mediodía, na sala de sesións da casa do concello da vila, concorreron para a subhasta deste servicio os seguintes señores: Fernando Álvarez Freire, alcalde; Ramón Álvarez González, notario; Gumersindo Varela, primeiro tenente alcalde; Manuel Villanueva, 2º tenente-alcalde; Manuel Paadín Pardo, rexedor síndico; Juan Fonte Rodríguez, secretario do Concello e os veciños Ramón Pena Miró e Ramón Bellas Vázquez, que actuaron como testemuñas. Licitan dous empresarios. Jesús Abella Ascariz, veciño da rúa de Santo Domingo, número 10 de Lugo, e Manuel Suárez Fernández, veciño da rúa Panadeiras número 33 da Coruña. O primeiro, que fora xa o deseñador da rede e localización da iluminación licita por 3.495 pesetas. O segundo poxa por 3.498 pesetas. Sen que houbera protesta ningunha quedou adjudicado ao empresario de Lugo coa denominación de «*La Industrial Eléctrica de Puentedeume*».

O 1 de febreiro de 1901 Jesús Abella cursa o seguinte oficio ao alcalde de Pontedeume:

*"A los efectos conducentes tengo el honor de participar a V. que en este día se da principio al servicio de alumbrado público por electricidad, de esta población, del que soy contratista. Dios guarde a V. muchos años. Febrero, 1º del 1901. Fdo. Jesús Abella"*²³.

O contrato veuse cumprindo prorrogado ata agosto de 1925.

Os puntos onde se situaban os brazos da iluminación e as correspondentes lámpadas metálicas veñen enumeradas no apéndice documental. En xaneiro de 1906, por iniciativa veciñal, solicítase a instalación de iluminación pública eléctrica no lugar do Barro. Os veciños que firman a dita solicitude son: Rodrigo Bugía, Couto, Pedro Pérez, José e Pilar Novo, Emilio Lage, José España Eirís, Pedro Pereira Cal, Ceferino Martínez Pardo e Manuel Rodríguez. O dictame do Concello foi favorable ao ser "*la calle del Barro una de las principales entradas del pueblo con sideramos de justicia que se le dote de alumbrado*"²⁴. Determinábase que se forneza con tres luces públicas a máis das particulares, que, naquel tempo, xa eran máis de doce.

Un último apunte para o noso propósito confórmano un documento de xuño de 1926. Trátase do prego de condicións para a subhasta de enerxía eléctrica para servicio da iluminación pública e outros usos²⁵. Tiramos algúns datos do mesmo que nos axudarán a assimilar este novo paso na evolución da iluminación pública en Pontedeume. Tratábase dun contrato por 20 anos.

23. AMP, Atado 105.

24. Ibid.

25. Cf. AMP, Atado 1512.

A liña de distribución debería ser independente da iluminación dos particulares e de cobre electrolítico co 98% de conductibilidade. Un circuíto cerrado de 530 m. de lonxitude que percorrería as rúas: parte da Avda. Julio Wais (actualmente Avda. da Coruña); entre Real e Santo Agostiño; Angustia, Terminación de Real; Mancebo; Pescadería e Inmaculada. Na Cátedra tomarase unha derivación para a estrada da Estación e Porto e na Praza de San Roque unha para cada un dos seguintes sitios: Empedrado, Barro, Fonte Nova, Corredoira das Virtudes e Virtudes. O prezo da enerxía eléctrica consumida pagaríase por contador e a razón de 30 céntimos por quilovatio e hora.

A iluminación obxecto deste contrato abranguería a completa instalación e subministro do fluído necesario para 200 lámpadas eléctricas distribuídas na forma que a Comisión municipal correspondente designase. Os prezos calculáronse tendo en conta que as lámpadas desde 10 a 100 buxías consumen aproximadamente uns 30 vatios por buxía e hora e as de 200 a 300 consumen 0,60 vatios buxía e hora.

O tipo de subhasta para a contratación do servizo partía da cantidade asignada polo Concello, e naquela data estimouse en 6.000 pesetas para pagamento do servizo e do consumo nos edificios e dependencias municipais.

4. CONCLUSIÓN

O pasado ano de 2.001 cumpriuse o centenario da aparición da iluminación eléctrica en Pontevedra. Coa descrición desta evolución temos tratado de valorar a expresión local da renovación das estruturas económicas na España de finais del XIX. Como servizos públicos fomentados, controlados e/ou baixo monopolio estatal, alcanzan niveis de certa eficacia os medios de comunicación de correos, telégrafos e teléfonos. Estes servizos aos que o ferrocarril, a navegación marítima e aérea e os avances tecnolóxicos de fins de século —novas fontes de enerxía, especialmente electricidade— permitiron difundirse de modo espectacular e simbolizar os «tempos modernos» da sociedade de masas (xunta coa radio, o cinematógrafo, o camiión e o petróleo) lograron a pronta transmisión-recepción de noticias de toda índole, que no concernerne á actividade económica resultou operar como outro multiplicador de crecemento²⁶.

Para compoñer unha valoración obxectiva respecto á calidade do servizo podemos facer un virtual percorrido por outras poboacións españolas. Facemos notar que a primeira iluminación pública en ámbito nacional se estreou en Barcelona en 1752. En 1881, introduciuse a iluminación eléctrica nas vías públicas de Madrid. Pontevedra foi a primeira cidade galega que tivo ilumina-

26. Cf.M. MARTÍNEZ CUADRADO, *La burguesía conservadora (1874-1931)*, =Historia de España Alfaguara 6, Madrid, Alianza Editorial 1981, 173.

ción eléctrica, sendo o seu promotor o Marqués de Riestra²⁷. En Santa Cruz de Tenerife, aínda en 1834 se seguía utilizando a iluminación pública con lámpadas de aceite e só a partir de 1866 comézase a implantar a iluminación de gas. Vilagarcía de Arousa faino en 1851 con doce farois de aceite e nese mesmo ano se implanta en Lugo²⁸ e Astorga, nesta última cidade con 50 farois ata 1896 que se converte en eléctrico²⁹. En decembro de 1822 colócanse 300 farois en Santiago de Compostela que se cambian en 1859 polos de gas ao igual que na Coruña³⁰. En Ferrol establécese a iluminación por conta dos arbitrios municipais o 1 de novembro de 1847, adoptando o "novo" sistema eléctrico desde 1895, ao principio procedente dunha xeradora de vapor, posteriormente cambiado por unha hidroeléctrica situada no río Beelle³¹. En Vigo efectúase o cambio de gas acetileno a electricidade en 1896, tamén inicialmente por unha central térmica, para despois cambiar a un salto de auga situado na parroquia de Santa María de Sacos, arciprestado de Cotobade, sobre o río Lérez³². Tamén Ourense accedeu á iluminación eléctrica entre 1895e 1896, o mesmo que outras cidades e vilas como Betanzos, Carballiño, Monforte e Tui³³.

En calquera caso, estámonos a referir a un servizo público que, sen dúbida, condicionou os sistemas de vida traballo, los modificou moitos los aspectos da vida cotiá —en menos dun século escorrentouse o saudable costume de madrugar (para nunca máis volver), ou as tertulias familiares a carón do tizón—, e abriu o camiño para outros cambios, aínda máis profundos e rápidos, dos cales desexamos ser testemuñas.

27. Na primavera de 1888 a luz eléctrica era unha realidade en Pontevedra que contaba con una potencia de 75 CV y 250 lámpadas. Ata oito anos despois non chegaría este sistema ao porto de Vigo. Cf. R. GARCÍA FONTENLA, *Cien años de luz eléctrica en Galicia*, A Coruña 1990.

28. Cf. C. FERNÁNDEZ DE LA VEGA, "Lugo", en S. CAÑADA (ed.), *O.c.*, Tomo 19, 225-249. Sen embargo outros autores indican que a data real foi a de 1899, cf. R. GARCÍA FONTENLA, *O.c.*, 26.

29. Fago notar que a corporación municipal naquel ano estaba presidida polo alcalde Fabián Salvadores, bisavó dos actuais irmáns, fillos e veciños de Pontedeume.

30. Cf. P. PÉREZ COSTANTI, *Notas viejas galicianas*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia 1993, 425-427. O proxecto contemplaba aa colocación de 200 luces de gas, ao prezo anual, cada unha, de douscentos vintecinco reais e medio, e 246 luces de aceite, cuio custo diario, por luz, era de doce marabedís, ascendendo o importe total da iluminación, durante un ano, a 76.775 reais. Na Coruña implántase a iluminación eléctrica en 1890, realizando as primeiras montaxes o enxeñeiro francés Saunier, que tiña montado fábricas de gas en Santiago e Vigo.

31. En 1832 puxéranse nalgunha rúa principais varios farois por conta dos veciños, pero non foi ata 1847 cando se crea o servizo así como o corpo de serenos que, co tempo, dará orixe á Garda Municipal. Cf. J. MONTERO ARÓSTEGUI, *Historia y descripción de El Ferrol*, Gersán, Ferrol 1972, 334.

32. Cf. V. VIANA, *O.c.*, 76.

33. Cf. X. TORRES REGUEIRO, *A.c.*, 185.

APÉNDICE DOCUMENTAL

I

1860, Pontedeume.

Pliego de condiciones para el arrendamiento del servicio de alumbrado público en las calles de la villa.

Expedientes sobre iluminación pública. A.M.P. Sección 1.12.3. Atado 105.

1) Por 3.500 reales habrían de ser colocados en diferentes puntos de la población 21 faroles y 3 linternas siendo atendido el servicio por tres serenos.

2) El contratista del servicio ha de empezar a encender los faroles todas las noches con la antelación necesaria por los puntos extremos del pueblo terminando en los del centro una hora después de ponerse el sol y conservándolos constantemente encendidos hasta el amanecer del día siguiente.

3) No estará obligado a tener encendidos los faroles las noches de luna clara y si esta alumbraba en el horizonte; pero en los casos que ocurran y atendiendo al movimiento de dicho astro, deberá conservar el alumbrado hasta media hora después de su salida y desde antes media hora de ponerse, siempre que uno u otro suceda durante la noche.

4) El contratista suministrará a cada uno de los serenos de servicio dos onzas diarias de aceite desde 15 de abril a 15 de septiembre y tres en los restantes meses del año, también de las mechas de algodón que necesiten.

5) El aceite será de la mejor cualidad, las mechas se colocarán con un tercio de pulgada de mecha y de cuatro líneas.

6) Reponer: cristales, mechera, palomillas, candilejas y reverberos.

7) Surtirá los faroles de mecha y aceite antes de las ocho de la mañana en los meses de Abril a Septiembre y antes de las once en los restantes.

8) A final de mes, se les dará otra más general extrayéndoles el hollín sin rasquera metálica, arena ni otra materia que pueda rayarlos.

9) Las faltas a este servicio serán castigadas de esta manera: 4 reales por cada farol apagado después de la hora marcada, aumentándose el descuento con 2 reales más por cada cuarto de hora que permanezcan sin luz; 2 reales por el hecho de observarse a media luz y otros 2 reales más por cada cuarto de hora que permanezca en tal estado; 6 reales por cada farol que no esté limpio después de las horas marcadas para esta operación y 20 más si carecen del surtido necesario; 20 reales por cada farol que se halle con rotura.

10) Las faltas que se observen podrán ser denunciadas por cualquier vecino y por los serenos de servicio.

11) El contratista estará obligado a concurrir con los sirvientes y escalas necesarias para el servicio.

II

4-Novembro-1889, Pontedeume

Pliego de condiciones para licitar en la subasta del servicio del alumbrado público mediante electricidad por el plazo de catorce años.

Expedientes sobre iluminación pública. A.M.P. Sección 1.12.3. Atado 105.

1. Es objeto del presente pliego de condiciones, la instalación y suministro del alumbrado público por medio de la electricidad en la villa de Puentedeume.

2. Dicho alumbrado eléctrico se compondrá de 68 lámparas de 10 bujías y 12 de 16, en servicio media hora después de la puesta del sol hasta el amanecer, de las cuales se destinan, cuatro de 10 bujías y 3 de 16 para la Casa Consistorial, una de 10 bujías para el reloj de la misma y las restantes para las vías públicas.

3. Si el Ayuntamiento le conviniese aumentar el número de lámparas de 10 y 16 bujías y el contratista dispusiese de energía eléctrica suficiente para este servicio [ilexible] lo mismo en servicio desde media hora después de la puesta del sol hasta el amanecer.

4. El contratista verificará por su cuenta la instalación completa de las 80 lámparas citadas así como la fábrica productora de energía eléctrica, red, etc. empleando materiales y máquinas de reconocida reputación. Será también de cuenta del mismo el mantenimiento de la instalación y la renovación de las lámparas citadas en los plazos en que se acostumbra a hacer e instalaciones análogas.

5. El Ayuntamiento satisfará al contratista por el servicio que se cita la cantidad anual de 1620 pts., 25 ctm. por el fluido; y 1873 pts. 75 ctm. por conservación, mantenimiento, contribución industrial que tenga que satisfacer y vigilancia, haciendo ambas partidas un total de 3.500 pts.

6. El contratista tendrá derecho para hacer uso de todos los edificios y pertenecidos del Ayuntamiento para la colocación de postes y soportes facilitando para ello el Ayuntamiento, allí donde no hubiera acuerdo con los propietarios el oportuno expediente de declaración de utilidad pública.

7. Al finalizar el contrato, a los 14 años, el contratista podrá garantizar dos años de próroga.

8. Antes de firmar el contrato el Ayuntamiento hará la designación en que han de ser instaladas las lámparas públicas.

9. El contratista podrá suministrar alumbrado y fuerza a los particulares y las redes dentro y fuera de la población serán comunes para el servicio público y particular y la de la población será recubierta de materia aisladora.

10. Si se diese alguna imprevista interrupción en el servicio total de alumbrado público por electricidad, el contratista quedará obligado a prestar servicio de alumbrado con los faroles de petróleo.

11. El contratista recibirá los faroles de petróleo y los tendrá en constante disposición de prestar servicio.

12. El contratista deberá tener un empleado en la población dedicado a la vigilancia y las

reparaciones. A este empleado lo auxiliarán en sus funciones los Guardias Municipales y serenos que la Corporación tenga a su servicio.

13. El Ayuntamiento dentro del primer mes de la explotación, podrá variar la colocación de las lámparas públicas en términos tales que no se origine una modificación en la red. Pasado este plazo podrá también variar la situación de las lámparas en donde haya red, pero abonando el contratista los gastos.

14. Los gastos de la formalización de la escritura y avisos de subasta serán satisfechos por el contratista.

15. Se podrá traspasar el contrato a sociedades.

16. Para poder licitar en la subastas se han de pagar en calidad de tasas 175 pts. en la Caja de este Municipio o en la de Depósitos de la provincia.

17. Plazo de ejecución de las obras: tres meses.

18. Al terminar el contrato, todo (fábrica productora, redes, soportes, lámparas en las vías públicas) quedará en propiedad del contratista.

19. Cuantificación de las faltas [remite a un anexo].

20. Las lámparas que no puedan ser fijas en los muros de los edificios se colocarán sobre columnas que no desdigan del ornato público, cuyo número nunca exceda de 30.

21. [ilexible]

22. Las calles que han de servir de límite para dejar fijadas las distancias a donde se ha de llegar el alumbrado público serán:

Por el viento del sur-Este: La casa de Francisco Pérez situada en el Soto de la Villa.

Por el Norte: Los muelles del embarcadero hasta el último almacén número 25 de los Srs.

R. Pardo y Compañía.

Por el Este: la huerta de D. Eduardo Varela.

Por el Oeste: la fuente pública, inclusive, de la calle de Porto.

El número de lámparas que se destinen a la Fuentenueva podrán ser de fluido eléctrico o petróleo según convenga al contratista.

23. El Ayuntamiento no grabará con ningún arbitrio el servicio del presente contrato.

24. Si durante el tiempo de esta contrata llegase a inaugurarse la Estación del Ferrocarril que está en proyecto al lado del Cementerio General, el contratista estará obligado a facilitar al Municipio las lámparas de 10 y 16 bujías que se precisen.

25. Se designa letrado para el bastanteo al Lcdo. en Derecho Civil y Canónico vecino de este pueblo D. Ramón Alvarez González.

26. Queda sometido el rematante a los arbitrios de los tribunales competentes.

27. Se reserva a D. Jesús Abella Ascariz, autor del proyecto que sirva de base al remate, el derecho de tanteo si resultase una proporción mejorando en el tipo de subasta, la suya caso de hacerla.

28. Es condición indispensable para poder optar a la subasta que la fábrica productora de la energía eléctrica se halle enclavada dentro de este término municipal.

29. El contratista no podrá reclamar daños y perjuicios si la subasta fuese declarada nula.

30.[ilexible]

31. El Ayuntamiento podrá rescindir la subasta en el tiempo que medie entre la adjudicación provisional y el otorgamiento del contrato definitivo.

32. La subasta tendrá lugar en la Casa Consistorial de Pontedeume.

33. El Ayuntamiento consignará en sus presupuestos anuales la cantidad necesaria para pago del servicio que se trata.[...]

III

1-Setembro-1.913

Relación de los brazos del alumbrado público, donde se colocan lámparas metálicas a partir de 1 de Septiembre de 1.913.

Expedientes sobre iluminación pública A.M.P. Sección 1.12.3, Atado 105

San Roque: Esquina Calle Virtudes y Plaza

Farol del Paseo

Casa de D^a Francisca Allegue

Angustia: Id. de D^a Carmen Horta

San Agustín: Id. de Fajardo

Id. de Navedo

Id. de la Vda. de D. Adolfo Rey.

Almacén de Ramón López

Herrerros: Casa de Cuiña

Id. de Ricardo Pita

Id. de D. Román García

Id. de D. José Chico

Almacén de D. Deogracias Alvarez

Real: Casa de Manuela Salgado

Id. de D. Leonardo Rosado

Id. de Emilio Piñeiro

Id. de Leonardo Díaz

Id. de Gabriel López

Santiago: Farol de la Fuente

Casa de la Vda. de Antonio Pérez

Id. de D. Antonio Regueira

Id. de la Vda. de Andrés Pena

Id. de herederos de Lahoga

Pescadería: Id. de D. Emilio Lage

Id. de herederos de Vázquez Pita

Frente a Correos

Casa escuela de niñas
Id. de Manuel Paadín
Conde: Farol casa de Ramona Tenreiro
Casa de Varela Balado
Farol del Pilón
Casa de la Vda. de Narciso Varela
Rivera: Id. del Sr. Cura Párroco
Id. de Vales
Rajoy: Casa de Gunturiz
Escaleras Corredera Virtudes
Atrio Virtudes
Muelle: Farol del puente
1ª Rampa
2ª Rampa
Carretera: Casa Vda. de Cortizas
Real: Fachada Ayuntamiento (dos lámparas)
Iglesia: Casa de Manuel Sardiña
Id. de Dª Carmen Alonso
Huerta de D. Rodrigo Pardo.